

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FUNDACIÓN MANUEL MOLDES PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DIRECTA DA PLANTA 8ª DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA XUNTA DE GALICIA NA RÚA BENITO CORBAL 47 DE PONTEVEDRA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, María Carmen Díaz Cacheda, presidenta da Fundación Manuel Moldes, con DNI 35291408R, como presidenta da Fundación Manuel Moldes con CIF G94196847, fundación sen ánimo de lucro adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia con número 2020/2. a Fundación constituíuse por escritura notarial outorgada en Pontevedra, o 12 de novembro de 2019, ante o notario Francisco León Gómez, co número de protocolo 2.573, por María Carmen Díaz Cacheda, Manoel Anxo Rodríguez-Moldes Díaz e Iria Rodríguez-Moldes Díaz, que actúan no seu propio nome e dereito

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A tenor do disposto no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, este é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de turismo.

En tanto en canto a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo constitúe o órgano de apoio e asistencia das diferentes Direccións Xerais e entes do sector público adscritos a esta consellería, correspóndelle á citada Secretaría Xeral Técnica asumir a concesión da axuda.

SEGUNDO.- No ano 2017, a Xunta de Galicia dá comezo as actuacións necesarias para a posta a disposición do edificio de Benito Corbal, situado no centro da cidade de Pontevedra, para albergar nas súas dúas primeiras plantas as oficinas de emprego, nas plantas terceira e cuarta, oficinas e locais de entidades e asociacións de interese social, cultural ou sanitario, as plantas quinta, sexta e sétima son obxecto de concesión demanial a favor da Universidade de Vigo. Logo de finalizar a obra principal de rehabilitación faise necesario rematar o edificio para acondicionar a plantas oitava e determinar a utilización desa parte do edificio.

Este inmovible atópase inscrito no Rexistro da Propiedade ao tomo 1884, folio 110, libro 1033 do predio 9600. Referencia catastral 9878408NG2997N0001DJ.

Por Orde do 14 de setembro de 2018 da Consellería de Facenda adscríbese o edificio da rúa Benito Corbal 47 á Vicepresidencia e Consellería de



Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo).

TERCEIRO.- A Fundación Manuel Moldes constituíuse por escritura notarial outorgada en Pontevedra, o 12 de novembro de 2019, ante o notario Francisco León Gómez, co número de protocolo 2.573, por María Carmen Díaz Cacheda, Manoel Anxo Rodríguez-Moldes Díaz e Iria Rodríguez-Moldes Díaz, que actúan no seu propio nome e dereito.

A Fundación Manuel Moldes, segundo establece o artigo 6 dos seus estatutos, ten por obxecto ou fins principais:

- Reunir, conservar, restaurar, difundir e estudar a obra do artista Manuel Moldes e o seu legado.
 - Promocionar a investigación e o estudo da figura e a obra de Manuel Moldes.
 - Contribuír á localización e catalogación da súa obra.
 - Reunir o seu patrimonio bibliográfico e documental.
- A Fundación estará aberta á arte moderna e contemporánea en todas as súas facetas e realizacións. Xunto coa exposición permanente da obra de Manuel Moldes, potenciarase o diálogo con obras doutros artistas e disciplinas grazas á colaboración con outros axentes culturais, institucións e persoas relacionadas co ámbito cultural e científico.

CUARTO.- A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo non está a empregar na actualidade a planta oitava do inmovible sinalado e, no exercicio da súa competencia do impulso do turismo como medio de desenvolvemento dos valores propios da cultura e identidade galega, considera axeitado dispor da mesma en favor da Fundación Manuel Moldes, para a axeitada satisfacción dos fins de conservación e divulgación



da obra de Manuel Moldes, recoñecido pintor e profesor da Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo.

A tal fin, esta consellería considera axeitado destinar o citado inmovible da rúa Benito Corbal de Pontevedra, ás actividades propias do obxecto e fins da Fundación Manuel Moldes descritas na cláusula anterior. Inicialmente contará cunha sala de exposicións permanente, outra sala adicada a exposicións temporais e outra a un almacén para albergar as obras do artista Manuel Moldes, podendo reconfigurarse a disposición da planta da forma máis axeitada para o desenvolvemento das actividades que se sexan propias, e desenrolar conferencias, talleres ou outro tipo de actos ou actividades relacionados con seus fins.

QUINTO.- A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo non está a empregar na actualidade a planta oitava do inmovible sinalado e considera axeitado dispor das mesmas en favor da Fundación Manuel Moldes, para a axeitada satisfacción dos fins da Fundación Manuel Moldes, e á conservación e divulgación da obra de Manuel Moldes.

SEXTO.- A Fundación Manuel Moldes cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da concesión demanial da planta oitava do edificio sito na rúa Benito Corbal 47, titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, ao abeiro de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a formalización da concesión demanial directa a favor da Fundación Manuel Moldes da planta oitava do edificio administrativo situado no número 47 da Rúa Benito Corbal de Pontevedra por un período de 20 anos, prorrogables, a contar dende a sinatura deste convenio. Procederá a prorroga expresa por períodos de 3 ou menos anos mediante resolución da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de outorgamento discrecional e previa solicitude da Fundación Manuel Moldes, que deberá comunicar o interese na prorroga da concesión cun prazo de antelación de 2 meses. O prazo máximo da concesión, incluídas as prorrogas, non excederá de 75 anos conforme dispón o artigo 40.4 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da comunidade Autónoma de Galicia.

A porcentaxe de ocupación que supón a planta oitava do referido edificio é dun 8,01% para 373,85 m².

SEGUNDA.- Competencia

De conformidade co artigo 41.1 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, a competencia para o outorgamento de autorizacións e concesións sobre bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia que non veña especificamente determinada por unha norma con rango de lei corresponde á persoa titular da consellaría á que se atopen adscritos, ou ben ao órgano unipersonal de goberno da entidade pública instrumental titular ou á que se atopen adscritos os bens ou dereitos.

Por Orde do 14 de setembro de 2018 da Consellería de Facenda adscríbese o edificio da rúa Benito Corbal 47 á Vicepresidencia e Consellería de



Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo).

Correspóndelle a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica o exercicio das facultades que a normativa en materia de patrimonio lle atribúe á persoa titular da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de acordo con artigo 5 da Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e entidades adscritas.

TERCEIRA.-Cesión do uso

Conforme o artigo 33 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, para o uso privativo dun ben de natureza xurídica demanial requirirase de título axeitado a súa natureza, así, cando a ocupación se realice con obras ou instalacións fixas ou por prazo inicial superior a 4 anos, estará suxeito a concesión. Tendo en conta o período do uso solicitado cómpre acudir ao negocio xurídico da concesión demanial.

Recolle o artigo 40 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, que o outorgamento das concesións efectuarase en réxime de concorrencia. Non obstante, pode acordarse o outorgamento directo cando concorran os supostos previstos no artigo 77 desta lei ou cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas.

Así, o artigo 77 apartado b) establece, entre os supostos de adjudicación directa, que esta procede cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública ou interese social, como é o caso da Fundación Manuel Moldes. Xa que logo, neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública.



CUARTA.- Obras e equipamentos

Serán por conta da Fundación Manuel Moldes a realización das obras e instalacións que permitan a prestación das actividades propias das actividades a realizar.

A execución de calquera obra durante a vixencia da concesión, requirirá a previa e expresa autorización da Consellería, para o que deberá remitir o proxecto de obras ou documentación equivalente no caso de que a realización do proxecto non sexa requisito legal. As obras ou melloras realizadas polo concesionario nas instalación obxecto da concesión reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia no momento da finalización, con renuncia expresa a calquera tipo de indemnización ou gastos.

En todo caso, e co fin de facilitar o adecuado desenvolvemento das actividades da Fundación, establécese que non precisarán autorización previa as instalacións e obras menores de carácter non permanente que non afecten ás instalacións ou zonas comúns do inmovible e sexan necesarias ou apropiadas para a adaptación das exposicións ou outras actividades artísticas.

QUINTA. -Autorizacións e licencias

As autorizacións ás que se refire a cláusula precedente afectarán unicamente a concesión realizada pola consellería, sen que iso supoña a exención de calquera outra autorización ou licenza que deba de ser outorgada de conformidade coa lexislación singular das actividades a realizar nos espazos obxecto da concesión.



Os usos deberán axustarse ao previsto na lexislación urbanística de conformidade co Plan Xeral de Ordenación Municipal e os requisitos e condicións impostos pola administración local.

No suposto de que calquera ordenamento urbanístico ou outra norma de igual ou superior rango non permita a utilización das instalacións para as actividades que no mesmo se desenvolverán, procederase á resolución da concesión.

SEXTA. Rescate

A consellería resérvase o dereito a deixar sen efecto a concesión demanial se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sen el cando non procedese.

SÉTIMA. Obrigas do concesionario

A Fundación Manuel Moldes comprométese a:

1. Explotar as plantas do referido inmovible obxecto da concesión de acordo coas condicións estipuladas neste convenio.
2. Exercer por si a concesión e non cedela, alugala ou traspasala a terceiros sen a autorización escrita do órgano correspondente da consellería concedente. O incumprimento da dita obriga levará automaticamente a perda da concesión, todo ilo sen prexuízo das accións legais pertinentes.
3. Contar coa autorización expresa e escrita da consellería para a instalación de publicidade no recinto e para a realización de calquera modificación das instalacións e servizos, que en calquera caso quedarán a beneficio da consellería. A Fundación asume a obriga de solicitar as autorizacións pertinentes. En todo caso, a Fundación poderá proceder a colocación dun cartel ou rótulo co nome da Fundación na entrada principal do edificio, outro na entrada da planta oitava cedida e a colocación dun cartel ou rótulo na



fachada do inmovible publicitando a Fundación, co visto e prace previo da Xunta de Galicia.

4. Manter as instalacións en bo estado de conservación. Será obriga do concesionario remitir anualmente, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, un informe detallado do estado do edificio e das súas instalacións permitindo, se a consellería o estima necesario, unha auditoría técnica das instalacións.

5. Non poderá realizar servizos que non se axusten á actividade natural obxecto da concesión.

6. Todos os gastos derivados da explotación das instalacións correrán a cargo do concesionario.

7. Serán a cargo do concesionario o Imposto de bens inmoables e demais tributos que lle correspondan a esa planta obxecto de cesión, así como os gastos individualizados para esa planta por consumo de auga, luz, calefacción, limpeza, teléfono, seguros multirrisco e de responsabilidade civil, e a vixilancia das instalacións cedidas, ou calquera outros, que deberá asumir no momento en que a Fundación poida desenvolver ás súas actividades, unha vez estea rematada a instalación da iluminación precisa para as exposicións.

A tal fin, os servizos e tributos que poidan individualizarse por plantas, serán obxecto de esta individualización, e nos casos que non sexa posible, a Xunta repercutirá á Fundación o importe correspondente tendo en conta que a citada planta supón un 8,01 % do total do edificio.

8. Deberá subscribir unha póliza de seguro de multirrisco de perdas e danos materiais respecto da planta obxecto de cesión, e unha póliza de aseguramento de responsabilidade civil por posibles danos a terceiros. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia será a beneficiaria e a asegurada, respectivamente, destas pólizas, que se manterán durante todo o período da concesión, prazo inicial e, se é o caso, prórrogas.



9. Os gastos de conservación e mantemento serán a cargo do concesionario, que deberá manter as instalacións en bo estado.

Sen prexuízo do anterior, non será responsabilidade da Fundación a reparación de calquera problema estrutural, construtivo ou de instalacións xerais do inmovible. A súa reparación e xestión dos problemas que poidan xurdir, deberá ser atendida polo propietario de edificio.

10. Contratar e pagar ó persoal que a propia Fundación considere necesario para o bo funcionamento do servizo, así como cumprir a lexislación laboral, sen que o devandito persoal pase a depender en ningún caso da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

11. Realizar anualmente unha revisión e un inventario das instalacións da explotación para comprobar o seu estado de conservación.

12. Cumprir a lexislación vixente en materia de seguridade e hixiene dos edificios de utilización pública.

13. Atender as reclamacións que poidan corresponder a terceiros polos danos que se ocasionen a causa do desenvolvemento das actividades que realizará a concesionaria. A tal efecto, subscribirá a correspondente póliza de responsabilidade civil.

14. Permitir que, en calquera momento, os técnicos da Xunta de Galicia poidan inspeccionar o estado de conservación das instalacións/locais, e de observarse algunha deficiencia estará obrigada a reparala no prazo que se impoña.

15. Solicitar as correspondentes licencias que impoñan a normativa local, autonómica, nacional ou comunitaria e das actividades a realizar. A obtención do certificado de eficiencia enerxética, que será xestionado e asumido pola Xunta na súa condición de propietaria.

OITAVA. Dereitos do concesionario.

Ser respectado por terceiros na súa condición de concesionario, co apoio e protección necesarios da consellería para que poida desenvolver con



normalidade as súas actividades e cesen as perturbación que obstaculicen o seu desempeño.

Sen prexuízo da obriga do concesionario de subscribir os seguros adecuados ó desenvolvemento da súa actividade, tendo en conta que na planta cedida estarán expostas e depositadas obras artísticas, se por motivos alleos á responsabilidade da concesionaria relacionados coa conservación, mantemento ou explotación do resto do inmovible ou con defectos estruturais, construtivos ou de instalacións xerais, causáranse danos ás obras artísticas, a Xunta deberá resarcir á Fundación polos citados danos.

NOVENA. Exención do aboamento das taxas ou contraprestación

A concesión demanial é gratuíta por cumprirse o establecido no artigo 40.5 da Lei 5/2011, do 30 de setembro.

DÉCIMA. Terminación

Serán causas de terminación da concesión as recollidas no artigo 42 da Lei 5/2011, do 30 de setembro.

Cando se extinga a concesión, as obras, construcións e instalacións serán adquiridas gratuitamente e libres de cargas e gravames pola administración titular do ben, con renuncia expresa a calquera tipo de indemnización ou gastos, conforme recolle o artigo 43. 2 da Lei 5/2011, do 30 de setembro.

A concesionaria obrígase a deixar os locais dos inmobles libres e baleiros, en perfecto estado de conservación, funcionamento e limpeza, a disposición da consellería ao termo da concesión.

DÉCIMA PRIMEIRA. Réxime sancionador

Serán de aplicación ao concesionario o réxime sancionador establecido no título VIII da Lei 5/2011, do 30 de setembro.



DÉCIMA SEGUNDA. Réxime aplicable

A concesión rexerá polo presente convenio e subsidiariamente pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do patrimonio de Galicia e pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, así como a normativa xeral de contratación das administracións públicas e demais normativa aplicable.

DÉCIMA TERCEIRA. Xurisdición competente

Os bens obxecto da concesión conservarán a súa cualificación xurídica orixinaria como bens de titularidade pública e natureza xurídica demanial.

As cuestións que puideran xurdir acerca do cumprimento ou incumprimento da mesma serán resoltas previamente polo órgano que resolva o acto administrativo sobre a concesión demanial. De non conformarse o concesionario, someterase a xurisdición contenciosa administrativa.

DÉCIMA CUARTA.- Publicidade.

En toda a difusión ou publicidade que xere a realización das actividades recollidas no presente convenio, se fará referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fundación, incluíndose a imaxe corporativa destas institucións.

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega.



As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMA QUINTA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e un representante da Fundación Manuel Moldes. A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, no seu caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Calquera outra relacionada có desenvolvemento do presente convenio

DÉCIMA SEXTA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

1. Polo transcurso do prazo de vixencia.
2. Polo incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algún dos asinantes, cos efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
3. Por mutuo acordo das partes asinantes.

DÉCIMA SÉTIMA.- Vixencia do Convenio

A concesión se outorga por un período de 20 anos, prorrogables, a contar dende a sinatura deste convenio. Procederá a prorroga expresa por períodos de 3 ou menos anos mediante resolución da Vicepresidencia Primeira e



Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de outorgamento discrecional e previa solicitude da Fundación Manuel Moldes, que deberá comunicar o interese na prorroga da concesión cun prazo de antelación de 2 meses. O prazo máximo da concesión, incluídas as prorrogas, non excederá de 75 anos conforme dispón o artigo 40.4 da Lei 5/2011, do 30 de setembro.

DÉCIMA OITAVA.- Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN
MANUEL MOLDES

Alfonso Rueda Valenzuela

María Carmen Díaz Cacheda

